



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O  
DÍA 28 DE DECEMBRO DE 2006.**

**ASISTENTES:**

**Alcalde-Presidente:**

D. MARCOS BLANCO JORGE

**Concelleiros/as:**

D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ  
(PSOE)

D<sup>a</sup>. MANUELA IGLESIAS  
COLLARTE (PSOE)

D. CONSTANTINO AREDA VIDAL  
(PSOE)

D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN  
(PSOE)

D. FRANCISCO XABIER CARREIRA  
SEBIO (BNG)

D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)

D. BRAULIO EXPÓSITO SOBRINO  
(PP)

D. SECUNDINO RODRÍGUEZ  
GÓMEZ (PP)

D. JULIO DABARCA CUIÑAS (PP)

D<sup>a</sup> MARÍA MARTÍNEZ ABAL (PP)

D. CARLOS A. PINAL HERMIDA  
(PP)

D<sup>a</sup> LUISA DEL CARMEN  
ESCUDEIRO CENTRÓN (BNG)

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 20:00 horas do día VINTEOITO de DECEMBRO de 2006 reúnese en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Vicente Soto Rordriguez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.

**Secretario Xeral:**

Vicente Soto Rodriguez

**Interventor:**

Vicente Soto Rodríguez

\*\*\*\*\*

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

## **1.-APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 30 DE NOVIEMBRE PASADO (ORDINARIA).**

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección á acta do 30 de Novembro de 2006, ao que se lle resposta negativamente, resultando aprobada por unanimidade dos asistentes.

## **2.- DACIÓN DE CONTA DE:**

### **A) RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-**

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85 , do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 18 de novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 20 de novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 21 de novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 22 de novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 23 de novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 24 de novembro, dúas, sobre aboamentos.

Do 26 de novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 27 de novembro, dúas, sobre aboamentos.

Do 28 de novembro, tres, sobre aboamentos

Do 29 novembro, dúas, sobre aboamentos.

Do 30 de novembro, unha, sobre aboamentos.

Do 1 de decembro, dúas, sobre aboamentos.

Do 4 de decembro, catro, sobre aboamentos.

Do 5 de decembro, tres, sobre aboamentos.

Do 7 de decembro, dúas, sobre aboamentos.

Do 11 de decembro, tres, unha sobre arquivo de expediente e dúas sobre aboamentos.

Do 12 de decembro, tres, sobre aboamentos.

Do 13 de decembro, dúas, unha sobre aboamentos e unha sobre requerimento para a realización de obras de mantemento, conservación e ornato.

Do 14 de decembro, unha, sobre aboamentos.

Do 15 de decembro, unha, en materia de obras e outras da súa competencia.

Do 16 de decembro, unha, sobre aboamentos.

Do 18 de decembro, tres, unha sobre arquivo de expediente e dúas sobre aboamentos.

Do 19 de decembro, tres, unha sobre contratación de persoal para realización de servizos municipais, unha sobre aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos no concurso para a provisión de 8 prazas de auxiliares a domicilio e unha sobre aboamentos.

Do 20 de decembro, dúas, unha sobre contratación de persoal para realización de servizos municipais e unha sobre aboamentos.

Do 21 de decembro, dúas, unha sobre incoacción de expediente destinado ó restablecemento da legalidade urbanística e unha sobre aboamentos.

Do 22 de decembro, dúas, unha en materia de obras e outras da súa competencia e unha sobre aboamentos.

Do 26 de decembro, unha, sobre interposición de Recurso Contencioso- administrativo.

Do 27 de decembro, dúas, sobre contratación de persoal para realización de servizos municipais.

## **B) DOS EXPEDIENTES DE XERACION E INCORPORACION DE CREDITOS DO SEGUNDO SEMESTRE 2006.-**

Pola Presidencia dáse conta dos expedientes de xeración de créditos correspondente o segundo semestre de 2006 e que son os seguintes: expediente. núm. 2, 3, 4 e 5 de xeración de créditos, quedando todos os membros da Corporación enterados dos mesmos.

## **3.- MOCION SOBRE OS 150 ANOS DA POLICIA LOCAL DE RIBADAVIA.-**

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ao dictame da Comisión Informativa de Servizos Municipais celebrada o pasado día 21 de Decembro que dí: “Intervén Don José Ignacio Gómez Pérez, Presidente efectivo da Comisión, para dar conta dunha moción que se acha no expediente e que de seguido transcribese:

**“150 ANOS POLICIA MUNICIPAL DE RIBADAVIA.-** A Policía Municipal creouse por unha decisión plenaria do 28 de decembro de 1856, "creándose tres prazas de policía que atendan á seguridade do pobo, a fin de evitar diferentes roubos que nocturnamente se cometen, asaltando as casas dos veciños indefensos, consecuencia da espantosa miseria pola que están a pasar tódalas clases".

Precisamente na acta de creación deste corpo, o Secretario da Corporación naquel intre, expón que os axentes deben atender a seguridade " a fin de evitar os diferentes roubos que nocturnamente se cometen". Asemade tamén expón as funcións dos tres primeiros axentes, que, ademais de policías tamén eran serenos: " O Sr. Presidente fixo presente ao Concello a necesidade e conveniencia de que se ocupara da provisión de tres serenos, ou máis ben, prazas de policía de Seguridade, para que vixilen a seguridade do pobo", reza na acta de 1856, onde tamén se estipula como tarefa "a vixilancia do alumeadado público".

Segundo documentación fehaciente consultada, a creación do corpo policial nesta concreta Vila tivo a súa orixe na aparición do "oidium" nos viñedos do Ribeiro que dende 1853 facía verdadeiros estragos na comarca. En 1856, agravouse a situación económica pola falta de cosecha, a aparición do cólera e a esixencia do goberno central dun imposto extraordinario que provocou embargos e venda de bens nos contribuíntes de Ribadavia, levándoos así á miseria e á fame. Unha situación insotible que motivou á corporación ribadaviense a creación des tres prazas de policía, armados, cun soldo de 3300 reais anuais e 600 reais para equipamento e armamento, para facer así fronte aos roubos que constituían un perigo, non só en Ribadavia, senón en toda a comarca.

Algúns historiadores incluso ven a orixe da Policía Municipal de Ribadavia xa o 21.08.1836 coa creación das milicias urbanas de carácter militar. A Ribadavia correspondeulle montar unha garda de 10 homes (2 homes permanentes de día, 3 de noite, os restantes de retén ou descanso). Podían ser noemados os solteiros, viuvos, sen fillos, de 18 a 40 anos de idade.

Coa presentación desta MOCION, o que se pretende é que por este organismo se acorde un recoñecemento público do labor efectuado por este corpo municipal durante os últimos 150 anos, o cal corpo, contribuí sen dúbida algunha a mellorar a seguridade nesta Vila de Ribadavia.

Por todo elo propónse o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Facer un recoñecemento público a labor efectuada polo corpo da Policía Local de Ribadavia durante os 150 anos, o cal contribuíu a mellora a seguridade dos veciños e das propiedades existentes nesta Vila de Ribadavia. Ribadavia, a 18 de decembro de 2006”.-

De seguido pásase a votación quedando ditaminada favorablemente, por unanimidade de todos os membros da comisión presentes”.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para sinalar que co acto celebrado esta maña tratouse de facer un recoñecemento público a un corpo que leva traballando durante moitos anos e espera que continúe facendo a súa laboura durante moitos máis.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para facer unha crítica o acto desenvolto esta maña; di que foi un acto pobre, feito con pouco cariño e sentimento, sinala que moitas persoas foron olvidadas, como por exemplo os ex-alcaldes e os policías locais xubilados que aínda viven, e non lle parece lóxico que nun acto de homenaxe o corpo da policía local non esten presentes tódolos axentes, sinalando que o único que se quixo facer con ese acto foi política e unha foto para a prensa. Finaliza a súa intervención recordando a Don José Ruiz, coñecido popularmente con Joselillo, concelleiro do P.C. na primeira Corporación democrática que conquistou coa súa proposta que se lle mercasen armas a policía local, rememorando unha intervención de dito concelleiro sobre o Alcalde que presidía naquel momento a Corporación (que era boa persoa, bo médico pero mal Alcalde).

Intervén o Sr. Alcalde, para dicir que o Sr. Sotelo Barroso perde a obxectividade na súa intervención, sobre todo se temos en conta a alusión o Alcalde daquela época; di que todo lo membros da policía local estaban avisados e foron os que quixeron; di que o acto foi bonito e sinxelo como correspondía. Finaliza a súa intervención recordándolle que é el o que fai política e por sorte lle queda pouco na Corporación, cuestión que beneficiará o Concello de Ribadavia.

Intervén o Sr. Carreira Sebio, para dicirlle o Sr. Sotelo Barroso que ten un concepto moi peculiar do servizo público; di que o acto de homenaxe non é a persoas concretas, senón a unha institución, indicando que o único que lle interesa os axentes da policía local é que disfruten dunhas condicións de traballo dignas. Finaliza a súa intervención dicíndolle que se tiñan propostas porque non as presentaron na comisión informativa.

Intervén o Sr. Sotelo Barroso, para dicir que non fixo ningunha proposta na comisión informativa pola actitude do Alcalde cara a oposición; di que neste Concello cando se tivo que facer algún acto deste tipo sempre se convocou a Xunta de Voceiros para consensuar os actos a realizar.

O Sr. Alcalde intervén para dicir que nos tres anos e medio de mandato a oposición non fixo unha proposta constructiva; solicítalle que retire o manifestado sobre o Sr. José María Vázquez Pérez; di que o acto da maña foi un acto sinxelo e de recoñecemento a laboura da Policía Local durante estes anos, indicando que para nada se tratou dun acto político, senón todo o contrario.

De seguido, sometese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

#### **4.- APROBACION INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA O ANO 2007, AS SUAS BASES DE EXECUCION E CADRO DE PERSOAL.**

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ao dictame da Comisión Informativa de Facenda celebrada o pasado día 21 de Decembro que dí: O

Presidente comeza sinalando os gastos e ingresos por Capítulos do Orzamento para o 2007.

De seguido, Don Segundino Rodríguez Gómez, concelleiro do P.P., solicita unha explicación máis pormenorizada das novidades deste presuposto.

O Presidente sinala que respecto ao persoal, a parte das creación de novas prazas tanto no cadro de persoal funcionario como laboral, establécese para o persoal laboral maior de 55 anos o recoñecemento dun trienio. Sinala o recoñecemento dunha serie de subidas salariais en relación con casos concretos, e ademais para todo o persoal funcionario e laboral recóllese unha subida do 3 %. Finaliza a súa intervención dando conta das inversións previstas no presuposto e da creación de dúas novas partidas para promoción do comercio local e promoción de asuntos sociais.

Intervén o Sr. Rodríguez Gómez, para solicitar que cosnte en acta que o P.P. considera unha vergoña que se presenten os presuposto no mes de decembro, mes cargado de días festivos, que se enteren pola prensa da presentación dos mesmos e que se lle facilite unha sola copia o seu grupo e un día antes da comisión informativa, indicando que o lóxico e que se preséntanse ou ben antes ou no mes de xaneiro.

Tras a lectura da proposta polo Secretario que literalmente di:

***“DON MARCOS BLANCO JORGE, ALCALDE-PRESIDENTE DO ILTMO. CONCELLO DE RIBADAVIA (OURENSE).***

*PROPÓN A ADOPCIÓN EN PLENO DO SEGUINTE ACORDO:*

*Primeiro.- A aprobación do Orzamento Xeral para ano 2007, cun importe de 5.187.642,63 euros en ingresos e de 5.187.642,63 euros en gastos; aprobación tamén, das Bases de Execución deste Orzamento Xeral segundo aparecen redactadas no expediente e o cadro de persoal deste Concello que figura tamén no expediente, en cumprimento do disposto no artigo 126.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de Abril, en relación co 90 da Lei 7/1985, do 2 de Abril.*

*Segundo.- A exposición ao público polo prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia aos efectos de reclamacións de acordo co preceptuado no artigo 169.1 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.- Que no suposto de non se presentaren reclamacións coidarase definitivamente aprobado debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e mesmo do Taboleiro de Anuncios deste Concello, co cadro de persoal e relación de postos de traballo segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de Abril e 169.3 do repetido R.D.L. 2/2004; noutro caso, procederase de acordo co sinalado no nº 1 deste último artigo.-*

*Terceiro.- Que de conformidade co nº 4 do mesmo artigo se remita copia do referido Orzamento Xeral á Administración do Estado e mesmo á Comunidade Autónoma. Ribadavia, 18 de decembro de 2006.”*

De seguido procédese á votación, quedando ditaminado favorablemente, cos votos a prol dos membros dos grupos municipais do PSOE e BNG, e votos e conta dos membros do grupo municipal do PP, o seguinte acordo:

***“Primeiro.- A aprobación do Orzamento Xeral para ano 2007, cun importe de 5.187.642,63 euros en ingresos e de 5.187.642,63 euros en gastos; aprobación tamén, das Bases de Execución deste Orzamento Xeral segundo aparecen redactadas no expediente e o cadro de persoal deste Concello que figura tamén no expediente, en cumprimento do disposto no artigo 126.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de Abril, en relación co 90 da Lei 7/1985, do 2 de Abril.***

***Segundo.- A exposición ao público polo prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia aos efectos de reclamacións de acordo co preceptuado no artigo 169.1 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.- Que no suposto de non se presentaren reclamacións coidarase definitivamente aprobado debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e mesmo do Taboleiro de Anuncios deste Concello, co cadro de persoal e relación de postos de traballo segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de Abril e 169.3 do repetido R.D.L. 2/2004; noutro caso, procederese de acordo co sinalado no nº 1 deste último artigo.-***

***Terceiro.- Que de conformidade co nº 4 do mesmo artigo se remita copia do referido Orzamento Xeral á Administración do Estado e mesmo á Comunidade Autónoma.”***

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para manifestar a súa moderada satisfacción polos presupostos presentados; di que se trata dos quintos presupostos deste grupo de goberno en tres anos e medio de mandato, indicando que unha das causas da súa aprobación e o inicio do funcionamento do obradoiro de emprego; sinala que é certo que o documento dos presupostos se deu con certo retraso se ben esa non é razón de peso para aprazar a súa aprobación, indicando que detectou algún erro no documento, cuestión que haberá que subsanar no período de alegacións; en canto a situación económica do Concello pensa que é mellor que no ano 2003 se ben tamén pensa que é mellorable, polo que aproveita para solicitar o concelleiro de facenda a convocatoria dun pleno para analizar a situación económica do Concello, a existente no ano 2003 e a súa evolución durante estes anos; en canto os presupostos sinala que cos mesmos cumprensen varios obxectivos: liquidez, conversión da débeda de curto a longo prazo, mellora no nivel de endebedamento e avance no proceso de negociación cos traballadores a traves do convenio colectivo; en canto os servizos urbanísticos, di que se prantexa a creación dunha praza de arquitecto superior, xa que entenden que os mesmo necesitan unha reorientación; di que neste ano se mellorou os servizos sociais, a recollida de lixo, creouse unha brigada de obras que se atreve a realizar obras de certa complexidade; en canto as inversións di que hai unha melloría, gustaríalle que foran máis, se ben algunhas como o cemiterio dependen da aprobación do Plano Xeral de Ordenación Municipal, sinala que se lle esta dando un pulo o parque empesarial esperando que fructifiquen as conversas para a instalación de novas empresas. Finaliza a súa intervención manifestando que o seu grupo está moderadamente satisfeito cos presupostos presentados e coa situación económica do Concello, sobre todo se temos en conta como a recibiron, anunciando o seu voto afirmativo a ditos presupostos.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para indicar que o presuposto e máis o menos como o do ano pasado, di que se limitaron a

fotocopiar o do ano pasado trocando as datas; di que aproveita a situación para solicitar un informe de intervención e tesourería sobre a situación económica do Concello no momento da toma de posesión desta Corporación e a data 31-12-06; en canto a praza de arquitecto superior que se crea no cadro de persoal funcionario, di que non é unha necesidade como manifesta o Sr. Carreira Sebio, senón unha realidade para darlle solución os problemas urbanísticos creados no Concello e así darlle solucións os veciños de Ribadavia, di que non entende o cambio de actitude do grupo de goberno neste tema, xa que cando estaban na oposición sempre solicitaban que informase o técnico municipal e a agora para solucionar determinados problemas solicitan informes das arquitectas do Concello, cuestión que tamén facian antes eles co arquitecto existente e tanto se lle criticaba, pídelle o grupo de goberno que fale claro neste tema; en canto a praza de coordinador de servizos municipais, parécelle unha praza a medida de alguén e parécelle que coa mesma sobra a adicación do concelleiro de servizos; en canto o convenio colectivo di que levan tres anos e medio negociando e nestes presupostos o único que se lle recoñece é un trienio o persoal maior de 55 anos; sinala que os grandes olvidados no mandato deste grupo de goberno son os funcionarios os cales non se lle fíxo ningún recoñecemento o marxen das subidas que marca a Lei de Presupostos do Estado, coa algunha excepción como o caso dun policía local neste presuposto que se lle sube o complemento específico, que o único o que vai a contribuír e a empeorar as relacións entre os axentes; en canto a recadación di que algo mellorou se ben no propio informe de intervención sinalase que haberá que mellorala sobre todo a executiva, así mesmo o propio interventor no seu informe fala de ingresos inflados e partidas de gastos insuficientemente dotadas; recoñece a mellora dos servizos sociais pero non o de recollida de lixo. Finaliza a súa intervención anunciando o seu voto en contra.

Intervén Don Javier Iglesias Sendín, concelleiro do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar que a situación económica do Concello mellorou e para constatalo sinala que no ano 2003 a débeda con entidades bancarias era de aproximadamente 3 millóns de euros e a canto remate o ano 2007 sera de 2, 2 millóns, sinala que dentro do programa financeiro que consta no presuposto establececese o calendario de amortizacións para este exercicio; en canto o persoal, sinala que a subida no complemento específico do cabo da policía local ven determinado polo complemento de xefatura que ata agora non se estaba pagando; en canto a recadación di que se puxo en marcha a recadación executiva co que elo conleva para un grupo de goberno, xa que se está chegando as derradeiras consecuencias que marca a lei e de feito estanse a trabar contas bancarias; en canto o capítulo de inversións constata partidas importantes para infraestructuras do casco histórico, así como tamén a participación en programas de desenvolvemento para Ribadavia e comarca (Equal, Interreg, Rutas do Viño....), prevese unha partida para a adquisición de terreos e incrementase dunha maneira notable o persoal subvencionado o que denota un apoio importante da administración autonómica a este Concello; da conta das inversións previstas para o parque empresarial de San Cristovo, 2ª fase e da repercusión no Concello do parque medioambiental de Carballeda de Avia. Finaliza a súa intervención que o longo do ano coa confirmación de subvención o presuposto a xestionar aumentará considerablemente e así este ano pasado o presuposto aprobado foi de 4,3 millóns de euros e o xestionado de 6,2 millóns.

Intervén o Sr. Carreira Sebio, para criticar o Sr.Sotelo Barroso por incoherente e pregúntalle porque cando gobernaban non crearon a praza de arquitecto superior; manifesta que nestes intres os servizos urbanísticos do Concello necesitan dita praza, sinalando que o dito polo Sr. Sotelo Barroso é impropio dun concelleiro e dun pleno



polo que lle pide que retire as súas verbas; en canto as subas do persoal di que a responsabilidade hai que pagala, en canto o convenio di que se aprobará o que poida ser asumido polo Concello, indicándolle que se queren información sobre o negociado pódense dirixir os enlaces sindicais. Finaliza a súa intervención dicindo que se trata duns presupostos rigurosos e con vocación de contención do gasto.

Intervén o Sr. Sotelo Barroso, para recordarlle o que manifestaba o Sr. Carreira Sebio cando no Concello había un arquitecto a través dun convenio co Colexio de Arquitectos de Galicia, indicando que antes se facía o mesmo que están a facer vostedes e o grupo municipal do P.P. nada di, xa que o quere é que se lle solucionen os problemas os veciños. Finaliza a súa intervención dicindo que é certo que o seu grupo non sabe facer oposición, xa que teñen vocación de goberno, non como vostedes que teñen vocación de oposición.

Intervén o Sr. Iglesias Sendin, para reiterar o manifestado na primeira intervención; en canto o tema urbanístico sinala que nestes intres constatase un incremento na actividade urbanística e constructiva do concello o cal espera que se consolide e aumente coa aprobación do Plan Xeral. Finaliza dicindo que espera que estes presupostos supoñan un antes e un despois do Concello de Ribadavia.

O Sr. Alcalde intervén para puntualizar que o tema da praza do arquitecto superior é unha cuestión mínima destros do presuposto; di que non son uns presupostos continuistas é eso vese no capítulo de inversións. Finalmente, felicita o concelleiro do facenda pola laboura realizada durante estes anos a cargo de dita concellería.

De seguido dáse paso a votación, quedando aprobado por maioría absoluta, cos votos a favor dos membros dos grupos municipais do PSOE (5 votos) e do BNG (2 votos), e os votos en contra dos membros do grupo municipal do PP (6 votos), o seguinte acordo:

***“Primeiro.- A aprobación do Orzamento Xeral para ano 2007, cun importe de 5.187.642,63 euros en ingresos e de 5.187.642,63 euros en gastos; aprobación tamén, das Bases de Execución deste Orzamento Xeral segundo aparecen redactadas no expediente e o cadro de persoal deste Concello que figura tamén no expediente, en cumprimento do disposto no artigo 126.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de Abril, en relación co 90 da Lei 7/1985, do 2 de Abril.***

***Segundo.- A exposición ao público polo prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia aos efectos de reclamacións de acordo co preceptuado no artigo 169.1 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.- Que no suposto de non se presentaren reclamacións coidarase definitivamente aprobado debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e mesmo do Taboleiro de Anuncios deste Concello, co cadro de persoal e relación de postos de traballo segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de Abril e 169.3 do repetido R.D.L. 2/2004; noutro caso, procederase de acordo co sinalado no nº 1 deste último artigo.-***

***Terceiro.- Que de conformidade co nº 4 do mesmo artigo se remita copia do referido Orzamento Xeral á Administración do Estado e mesmo á Comunidade Autónoma”.***

## **5.- INSCRIPCION NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIONES DA DENOMINADA “ASOCIACION DEPORTIVA MIZUKAMO ESCOLA DE KARATE SHOTOKAN”.-**

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ao dictame da Comisión Informativa de Servizos Sociais, que inclúe Participación Cidadana, celebrada o pasado día 21 de Decembro que dí: “Os integrantes da Comisión Informativa, por unanimidade, dictaminan a prol de que o Ilmo. Concello Pleno acade acordo de inscribir á Asociación que figura no epígrafe deste punto, no Rexistro Municipal correspondente, tendo en conta a documentación aportada”.

Sen necesidade de entrar en debate sométese a votación ordinaria o dictame transcrito obténdose o seguinte resultado: fica aprobado por unanimidade.

## **5.- PARQUE MEDIOAMBIENTAL DE CARBALLEDA DE AVIA.-**

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ao dictame da Comisión Informativa de Servizos Municipais celebrada o pasado día 21 de Decembro que dí: “Intervén Don José Ignacio Gómez Pérez, Presidente efectivo da Comisión, para dar conta da seguinte proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:

### **“PROPOSTA ACORDO PARQUE MEDIAMBIENTAL DE CARBALLEDA DE AVIA.-**

#### **EXPOSICION DE MOTIVOS.-**

A Xunta de Galicia estableceu como prioridade a construción dun polígono mediambiental destinado a empresas de reciclaxe e tratamento de residuos que funcionará atendendo a criterios sostibles dende o punto de vista ambiental, social e económico. Trátase dun proxecto empresarial novedoso e ambicioso para o cál escolleuse o limítrofe Concello de Carballeda de Avia, pola súa situación xeográfica e as súas boas comunicacións.

Nestes intres a Consellería de Vivenda está a realizar un estudo de viabilidade do polígono como paso previo a redacción do proxecto e posterior execución. Trataríase dun polígono medioambiental destinado a empresas de reciclaxe e tratamento de residuos que funcionará atendendo a criterios sostibles dende o punto de vista ambiental, social e económico, estando nestes intres a planificar o número de empresas que se poden instalar. O proxecto suporá a creación de numerosos postos de traballo e a creación de actividade económica que repercutirá positivamente nesta zona e por ende no propio Concello de Ribadavia.

En canto as empresas que se poderán instalar, deberán cumprir uns indicadores de calidade que marcará o Goberno Galego, xa que o polígono deberá ser un modelo de calidade ambiental, arquitectónica e urbanística integrado na paixase.

En resume aos obxectivos que se pretende acadar polo parque, podense resumir en tres:

1.- Económicamente competitivo, o que implicará empresas que creen riqueza e invistan en infraestruturas e equipamentos de nova xeración.

2.- Socialmente responsable, a través do compromiso coa sociedade pola mellora das condicións socioeconómicas, do benestar e do estreitamento de lazos entre comunidade e o parque.

3.- Medioambientalmente respetuoso, a través da minimización dos impactos no contorno e da optimización do potencial natural do parque, implantando sistemas de eficiencia enerxética e xestión ambiental.

### **PROPOSTA DE ACORDO.-**

A nefasta política do Goberno anterior da Xunta de Galiza puxo de manifesto a necesidade dunha nova estratexia solvente e que de resposta de forma eficiente e eficaz o tratamento do reciclaxe industrial, atendendo sempre e por encima de todo a criterios de sustentabilidade co medio ambiente.

E por elo, en base a documentación ata agora existente e a espera do proxecto de viabilidade como paso previo, e as propias declaracións dos Conselleiros implicados que xustifican e reiteran esta inversión como a máis importante da provincia de Ourense, solamente comparable coa do parque empresarial de San Cibrao das Viñas, afirmando que será un parque limpo (sen incineración) e respetuoso co medio ambiente, que será modelo de parque mediambiental non solo no territorio español, senon pioneiro en Europa, o Concello de Ribadavia quere manifestar o seu apoio a este futuro parque medioambiental de Carballeda de Avia que servirá como motor de todo o occidente ourensán no eido social, económico e medioambiental. Ribadavia, 21 de decembro de 2006”.-

O Presidente da Comisión explica o contido da proposta, sinalando que a mesma faise tendo en conta a documentación obrante nestes intres, manifestando a súa disposición a consensuala.

O Sr. Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., sinala que habería que modificar algunhas cuestións, como que se contemple o fiato da non incineración a as alusións a anterior goberno da Xunta.

O Sr. Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., propón a inclusión dun segundo punto, no senso que unha vez presentado o estudio de viabilidade os técnicos de ámbalas Consellerías acudan o Concello a explicar os pormenores do proxecto tanto os veciños de Ribadavia como o resto da comarca do Ribeiro.

O Sr. Sotelo Barroso solicita uns minutos de receso para consultalo cos seus compañeiro de grupo municipal. Unha vez incorporados a sala de sesión manifestan que non se poden pronunciar no senso que se recolle na proposta presentada xa que descoñecen os pormenores do proxecto, solicitando que se voten por separado as dúas propostas existentes (a do grupo de goberno e a do P.P.).

De seguido sometese a dictame a proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.S.O.E. e B.N.G.); votos en contra, tres (P.P.).- Por conseguinte por maioría absoluta fica ditaminada favorablemente”.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para reiterar o manifestado na comisión informática; di que el como membro do grupo de goberno de Ribadavia tratouse de informar sobre o tema e de feito acudiu as xornadas celebradas en Carballeda e foi varias veces a Consellería para interesarse polo asunto; di que non existen documentos oficiais e o único que consta é as respostas a preguntas parlamentarias; di que non vindeiro mes de xaneiro presentábase o estudo de viabilidade, indicando que no documento que coñece recoñécese que non vai haber incineración e que se respetará tódalas condicións medioambientais. Finaliza a súa intervención dicindo que espera a presentación do proxecto para facer un novo pronunciamento.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para manifestar o mesmo que dicía o Sr. Carreira Sebio no seu momento, que non se fia da palabra dada polo Conselleiro mentras non haxa papeis; non entende como se apoia a moción se non hai documentación que a avale, da conta dun recorte de periódico no que se di que a planta de reciclaxe dos lodos de Galicia ubicarase en Carballeda de Avia. Finaliza a súa intervención anunciando o seu voto en contra por precaución ata o coñecemento de documentación.

Intervén Don José Ignacio Gómez Pérez, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar que na moción falase dun parque limpo, respetuoso co medio ambiente e sen incineración, cuestión que solicitaba o grupo municipal do P.P.; di que dito parque é unha inversión moi importante e que poderá servir de motor para a comarca e provincia.

Intervén o Sr. Carreira Sebio, para manifestar que comprende a desconfianza do P.P., e de feito el solicitoulle a Consellería a inclusión dun párrafo no Convenio no que se sinala que non vai haber incineración, polo que confía nas palabras dadas e os primeiros que van a estar vixiantes son os membros do seu grupo.

Intervén o Sr. Sotelo Barroso, para recordarlle o Sr. Carreira o manifestado por el cando se instalou a planta provisional de aglomerado asfáltico nas Chabolas; di que o seu grupo non ten nada en conta da planta de reciclaxe en Carballeda de Avia, pero ten dúbidas sobre o que se vai a facer e por eso van a votar en contra.

Intervén o Sr. Gómez Pérez, para sinalar que lle sorprende a defensa da ecoloxía que fai o P.P., sobre todo se temos en contas o acontecido no pasado; reitera o tema da non incineración, o cál vai recollido na moción, e indica que o grupo de goberno do Concello de Ribadavia vai a ser o primeiro vixiar este tema.

De seguido sometese a votación ordinaria a proposta transcrita e dictaminada pola comisión informativa, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E. e B.N.G.); votos en contra, seis (P.P.). Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobado a devandita proposta.

## **7.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOBRE O PARQUE MEDIOAMBIENTAL DE CARBALLEDA DE AVIA.-**

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ao dictame da Comisión Informativa de Servizos Municipais celebrada o pasado día 21 de Decembro que

dí: “De seguido transcríbese a moción presentada polo grupo municipal do P.P. no derradeiro pleno celebrado con data 30 de novembro pasado:

“ O P.P. propón o Pleno do Concello de Ribadavia a adopción do seguinte acordo:

Rechazar de maneira rotunda o proxecto de “Parque Empresarial da Basura” previsto para Carballeda de Avia”. Ribadavia, 30 de novembro de 2006.-

De seguido sometese a dictame a moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres, (P.P.); votos en contra, catro (P.S.O.E. e B.N.G.).- Por conseguinte por maioría absoluta fica ditaminada desfavorablemente”.

De seguido sometese a votación ordinaria a proposta transcrita e dictaminada pola comisión informativa, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, seis (P.P.); votos en contra, sete (P.S.O.E. e B.N.G.). Por conseguinte por maioría absoluta fica rexeitada a devandita proposta.

## **8.- MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.**

Non houbo moción de urxencia.

Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., formula os seguintes rogos e preguntas:

**1º ROGO.** – Rogaríalle o Sr. Alcalde se proceda a colocación de tres foralás dende a rúa Maquiáns ata o Tanatorio, xa que na zona non existe apenas luz.

**2º ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde que solicite o Sr. Aparellador Municipal, informe sobre a execución e seguridade da obra que se está a realizar na rúa Merelles Caúla.

**3º ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde se procedese a retirada das polas e das follas dos árbores podados durante o mes de setembro na zona da Estación do ferrocarril.

**4º ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde que fixese xestións co Sergas para que mandasen un xinecólogo para o ambulatorio, tendo en conta que vaise mandar un para Carballiño.

**5º ROGO.-** Rogalle o Sr. Alcalde facilite copia do informe dos servizos técnicos do Sergas onde se sinalaba que non era apto para a ubicación do ambulatorio, os terreos existentes na zona da N-120.

**6º ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde que se retire o taboleiro que hai nas inmediación do Banco Gallego.

**7º ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde que se proceda a colocación da farola nas inmediacións da Fonte da Prata.

**1ª PREGUNTA.-** Interesalle saber cando se vai a abrir a estación de Autobuses.

Resposta o Sr. Alcalde: Retrasouse a súa apertura motivada por problemas da empresa adxudicataria das obras.

**2ª PREGUNTA.-** Interesalle saber cando se vai a arranxar o ximnasio do Centro Social.

Resposta o Sr. Alcalde: Houbo goteiras e fixo unha pequena reforma, indica que xa pasaron os técnicos do P.E.R.I. para avaliar as solucións posibles.

**3ª PREGUNTA.-** Interesalle saber cando se vai a repoñer o alumeado de Val de Pereira.

Respsota o Sr. Alcalde: Xa falou co responsable de Servizos e farase en vindeiras datas.

**4ª PREGUNTA.-** Interesalle saber se falaron coa Comunidade de Montes de San Paio para a utilización das dependencias da Foz, como módulo de cantería do Obradoiro de Emprego.

Resposta o Alcalde: Falarase nos vindeiros días.

**5ª PREGUNTA.-** Interesalle saber cando se vai a arranxar a rúa Extramuros.

Resposta o Sr. Alcalde: E unha cuestión do concelleiro de obras.

**6ª PREGUNTA.-** Interesalle saber cando se vai a proceder a cortar os árbores secos existentes no cemiterio.

Resposta o Sr. Alcalde: Cortaranse cando mellore o tempo.

**7ª PREGUNTA.-** Interesalle saber se vai a chamar os taxistas a unha reunión para falar do problema existente coas gardas nocturnas.

Resposta o Sr. Alcalde: Non existe ningún escrito no Concello comunicando que deixan de facer as gardas nin solicitando unha entrevista, o que sabe é pola prensa; dí que existe un informe da Policía Local e outro xurídico, e por parte da Alcaldía adoptarasne as medidas oportunas.

**8ª PREGUNTA.-** Interesalle saber os problemas surxidos no departamento de promoción económica entre dous traballadores.

Resposta o Sr. Alcalde: E certo que houbo un problema, falouse cos implicados, e unha vez se reincorpore a persoa que se atopa de baixa procederase a incoar un expediente.

**9ª PREGUNTA.-** Interesalle saber como se atopa o tema dos lindes entre Carballeda de Avia e Ribadavia.

Resposta o Sr. Alcalde: Como consecuencia dun requerimiento da Dirección Xeral de Administración Local., existe un escrito oficial de ámbolos Concellos no que se indica que están tratando de solventar o problema amistosamente.

Concluído o anterior, ás once da noite, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

